# INFORME ANUAL de SEGUIMENTO

## Título: Grao en Pedagoxía

## Curso Académico: 2011-12

# 1.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

| DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Pedagoxía |
| Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC) | Verifica: 1659/2009, MEC: 2501110 |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Universidade solicitante | Universidade de Santiago de Compostela |
| Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto | Facultade de Ciencias da Educación |
| Centro/s onde se imparte o título | Facultade de Ciencias da Educación-Campus Vida |
| No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s | -- |
| Responsable do título | Decano: R. Lois Ferradás Blanco<br>Coordinador do título: Miguel A. Nogueira Pérez |
| Correo electrónico do responsable do título | zedudeca@usc.es |
| Curso de implantación do título | 2009-2010 |
| Data última acreditación | 22/06/2009 |

## 2.- INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DO TÍTULO

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Descrición do Título** | Denominación | MVT[1] – aptdo. 1.1, p. 5 |
| | Rama de coñecemento | MVT – aptdo. 1.6, p. 7 |
| | Universidade solicitante | MVT – aptdo. 1.2, p. 5 |
| | Centro responsable das ensinanzas conducentes ao titulo, o no seu caso, departamento ou instituto | MVT – aptdo. 1.2, p. 5 |
| | Tipo de ensinanza | MVT – aptdo. 1.3, p. 5 |
| | Réxime de estudo | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/rd1791-10_estest.pdf |
| | Periodicidade da oferta | MVT – aptdo. 1.4, p. 5 |
| | Numero de prazas de novo ingreso ofertadas | MVT – aptdo. 1.4, p. 5 |
| | Numero mínimo de créditos europeos de matricula por estudante e período lectivo | MVT – aptdo. 1.5, p. 6 |
| | Normas de permanencia | http://www.usc.es/estaticos/normativa/pdf/xestionensinanzasgraousc.pdf |
| | Información sobre a expedición do Suplemento Europeo ao Titulo | MVT – aptdo. 1.6, p. 7 |
| | Responsable do título | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/goberno.html |
| | Coordinador do título | Miguel A. Nogueira Pérez (curso 2011-12) |
| | Data da autorización da implantación do título pola Xunta de Galicia | Decreto 385/2009, do 27 de agosto (DOG, 16 setembro de 2009) http://www.xunta.es/dog/Publicados/2009/20090916/Anuncio33CAE_gl.pdf |
| | Data publicación BOE | http://www.boe.es/boe/dias/2010/03/05/pdfs/BOE-A-2010-3687.pdf |
| | Data última acreditación | 22/06/2009 |
| | Memoria vixente do título | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Pedagoxia_ANECA.pdf |
| | Informe final de avaliación previo á verificación | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/xescampus/G3081V01/info.html |
| **Xustificación** | Xustificación do titulo proposto, argumentando o seu interese académico, científico ou profesional | MVT – aptdo. 2.1, p. 7-12 |
| | Referentes externos a Universidade | MVT – aptdo. 2.2, p. 10 |
| | Descrición dos procedementos de consulta internos e externos utilizados para a elaboración do plan de estudos | MVT – aptdo. 2.3, p. 11 |
| | Procedemento documentado para o establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos da calidade | SGIC[2] - PE-02 (capítulo 4) |
| | Política de calidade | SGIC - PE-02 (capítulo 4) |
| | Obxectivos de calidade | SGIC- PE-02 (capítulo 4) |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |

[1] MVT = Memoria de Verificación del título. Publicada en http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Pedagoxia_ANECA.pdf
[2] SGIC = Sistema de Garantía Interno de Calidade. Publicado en http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf (aprobado en Xunta de Facultade o día 28/06/2011. Informe positivo da ACSUG con data do 30/04/2012)

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Competencias Obxectivos** | Obxectivos do titulo | MVT – aptdo. 3, p. 12 |
| | Competencias xerais que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o titulo | MVT – aptdo. 3, p. 13 |
| | Competencias específicas que os estudantes deben adquirir durante os seus estudos, e que sexan necesarias para outorgar o título | MVT – aptdo. 3, p. 14 |
| | Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos | SGIC – Capítulo 6 |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |
| **Acceso e admisión de estudantes** | Demanda | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Matrxcula.pdf |
| | Matrícula | http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/matricula.html<br>Curso académico 2009-2010: 83<br>Curso académico 2010-2011: 140<br>Curso académico 2011-2012: 215 |
| | Información previa a matriculación sobre acceso e admisión (criterios de acceso e admisión) | MVT – aptdo. 4.1., p. 15 |
| | Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso | MVT – aptdo. 4.1., p. 16 |
| | Condicións ou probas de acceso especiais, se existen | Non existen |
| | Información sobre o apoio e orientación aos estudantes | MVT – aptdo. 4.3., p. 18 |
| | Información sobre a transferencia e recoñecemento de créditos | MVT – aptdo. 4.4., p. 19 |
| | Información sobre o curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe | Non existe |
| | Información sobre os complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso | MVT – aptdo. 4.1., p. 15 |
| | Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes | http://ciug.cesga.es/index.html |
| | Procedemento documentado para a orientación aos estudantes | MVT – aptdo. 4.3., p. 18 |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,… |
|---|---|---|
| **Planificación das ensinanzas** | Estrutura do programa formativo: denominación do modulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo | MVT – aptdo. 5.1., p. 21 |
| | Distribución temporal | MVT – aptdo. 5.1., p. 31 |
| | Horarios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_cursos.html |
| | Mecanismos de coordinación docente | SGIC – PC09. Coordinación de la actividad docente |
| | Infraestruturas | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| | Guías docentes/Programación docente | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9&orde=true&ano=61 |
| | Sistema de avaliación | SGIC – PC10. Evaluación del aprendizaje |
| | Traballo fin de grao/master (Comisión, convocatorias, etc.) | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=65001&ano=63 |
| | Procedemento documentado para a planificación e desenvolvemento da ensinanza | SGIC – PC03. Planificación de la enseñanza |
| | Procedemento documentado para a revisión e mellora do titulo | SGIC - PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedemento documentado da oferta formativa | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/index.html |
| | Composición, funcións e responsabilidades da comisión académica do titulo | SGIC – PC 10. Evaluación del aprendizaje |
| | Criterios de suspensión do titulo | SGIC - PC-02. Suspensión del título |
| | Desenvolvemento da ensinanza | SGIC – PC-06 a PC-10 |
| | Procedemento documentado para a suspensión do titulo | SGIC - PC-02. Suspensión del título |
| | Procedemento documentado para a xestión de incidencias, reclamacións e suxestións | SGIC - PPM-04. Gestión de las incidencias |
| | Procedemento documentado para a expedición de títulos oficiais | http://www.usc.es/sxa/index.php |
| | Perfil de ingreso recomendado | MVT – aptdo. 4.1., p. 15 |
| | Perfil de egreso | MVT – aptdo. 1.6, p. 7 (profesión) MVT – aptdo. 3, p.12 (objetivos) |
| | Normativa académica do curso | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/cc_educacion/descargas/normativaCentro.pdf |
| | Baremo empregado no proceso de admisión | http://www.usc.es/sxa/index.php |
| | Calendario de pre-inscrición | http://www.usc.es/gl/perfis/estudantes/matricula/index.html |
| | Listados de admitidos/excluídos (provisional, definitivo) | http://ciug.cesga.es |
| | Información sobre o seguro escolar | http://www.usc.es/es/servizos/oiu/seguro_escolar.html |
| | Información sobre o servizo de asesoramento e promoción do estudante | http://www.usc.es/gl/servizos/coie/ |
| | Información sobre o servizo de apoio ao emprego | http://www.usc.es/gl/servizos/saee/index.html |
| | Información sobre cursos a estudantes | http://www.usc.es/es/cursos/ |
| | Información sobre actividades culturais, deportivas e de voluntariado | http://www.usc.es/cultura/ http://www.usc.es/es/servizos/deportes/ |
| | Información sobre a mobilidade | http://www.usc.es/es/goberno/vrrelins/portal_internacional/movilidad.html |
| | | http://www.usc.es/es/servizos/sepiu/volunt.html |

| | | |
|---|---|---|
| | Información sobre as practicas externas, se as houbese | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/practicum/index.html<br>http://www.usc.es/gl/goberno/csocial/practicas/index.html<br>http://www.usc.es/gl/servizos/oiu/practicas.html<br>http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/portal_internacional/europracticum_da_vinci.html<br>http://www.usc.es/gl/servizos/ore/pracintererasmus.html |
| | Información sobre o plan de acción titorial (desenvolvemento, listado de estudantes-profesores) | Non dispoñible ata o momento |
| | Normativa académica | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/nomativa.html |
| | Procedemento documentado dos perfis de ingreso/egreso e captación de estudantes | MVT – aptdo. 9.4<br>SGIC- PC-04. Captación de estudiantes |
| | Procedemento documentado para a selección, admisión e matriculación de estudantes | MVT – aptdo. 4.1., p. 15<br>PC-04. Captación de estudiantes |
| | Procedemento documentado de orientación aos estudantes | MVT – aptdo. 4.3., p. 18<br>SGIC - PC-06. Tutoría y orientación al estudiante |
| | Procedemento documentado de mobilidade dos estudantes | MVT – aptdo. 5.2., p. 38, aptdo. 9.3.1., p. 176<br>SGIC - PC-07. Programas de movilidad de estudiantes |
| | Procedemento documentado de practicas externas, se as houbese | MVT – aptdo. 9.3., p. 176<br>SGIC - PC-08. Gestión de prácticas externas |
| | Procedemento documentado de orientación profesional | MVT – aptdo. 4.3., p. 18<br>SGIC - PC-06. Tutoría y orientación al estudiante |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |
| **Recursos humanos** | Descrición do profesorado (categoría académica, vinculación coa Universidade, experiencia docente, experiencia investigadora, linas de investigación do PDI, ...) | MVT – aptdo. 6, p. 157<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/teorhisedug/profesorado.html<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/dorgesg/profesorado.html<br>http://www.usc.es/gl/departamentos/metincomedug/profesorado.html |
| | Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos | MVT – aptdo. 6, p. 157<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/profesorado.html?ano=62 |
| | Procedemento documentado da política do PDI e PAS | SGIC- PS-01. Gestión de los recursos humanos |
| | Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación) | http://www.usc.es/gl/servizos/sxp/<br>http://www1.usc.es/webvprof/inicio.asp<br>http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/index.html |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Recursos materiais e servizos** | Aulas e seminarios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_aulas.html |
| | Espazo do persoal académico | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/profesorado.html?ano=61 |
| | Laboratorios | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_aulas.html |
| | Salas de informática | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/horario_aulas.html |
| | Salas de estudo | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/biblioteca.html |
| | Outros espazos para os estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/aula_informatica.html |
| | Biblioteca | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/biblioteca.html |
| | Servizos dispoñibles | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/infraestruturas.html |
| | Espazos para os representantes de estudantes | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/alumnado.html |
| | Outros equipamentos | --- |
| | Procedemento documentado da xestión dos recursos materiais | MVT – aptdo. 7, p. 160<br>SGIC - PS-02. Gestión de los recursos materiales |
| | Procedemento documentado sobre a xestión dos servizos | SGIC - PS-03. Gestión de los servicios |
| | Plan de mellora | En proceso de elaboración |
| **Resultados** | Taxa de rendemento | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_Rendemento.pdf<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_Rendemento_por_nivel.pdf |
| | Taxa de abandono | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/descargrao/descargasgrao/taxa_abandondo_adelantada_titulo.pdf<br>http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2012-11-13_Abandono_RD_1393_GRAOS.pdf |
| | Taxa de eficiencia | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2012-11-12_Eficiencia_GRAOS.pdf |
| | Taxa de graduación | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/2012-10-30_Graduacixn_GRAOS.pdf |
| | Outras taxas que o titulo fai publicas (SGIC) | http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |
| | Taxas de inserción laboral | http://www.acsug.es/webs/inser.php |
| | Procedemento documentado para valorar o progreso e os resultados de aprendizaxe dos estudantes | MVT – aptdo. 8.2, p. 170<br>SGIC – P01-PS-01 |
| | Procedemento documentado de satisfacción, expectativas e necesidades | SGIC – PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedemento documentado para a avaliación da aprendizaxe | Programas:<br>http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9 |
| | Procedemento documentado para o control de resultados académicos | MVT – aptdo. 8.2., p. 170<br>SGIC - PM-01. Medición, análisis y mejora |
| | Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos | SGIC - PE-01. Planificación estratéxica do centro |
| | Procedemento documentado de información publica | SGIC – PC-11. Información pública |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |

| CRITERIO | INFORMACIÓN PÚBLICA | WEB, ENLACES, APLICACIÓNS,... |
|---|---|---|
| **Sistema de garantía da calidade** | Órganos responsables do sistema de garantía da calidade do título | http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf |
| | De ser o caso, planificación estratéxica | |
| | Procedementos documentados de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado | PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedementos documentados para garantir a calidade das practicas externas e os programas de mobilidade | PC-08. Gestión de prácticas externas |
| | Procedementos documentados de análise da inserción laboral dos graduados e da satisfacción coa formación recibida | PM-02. Revisión de la eficacia y mejora del título |
| | Procedemento documentado para o análise da satisfacción dos distintos colectivos implicados (estudantes, persoal académico e de administración e servizos, etc.) | PM-03. Medición de la satisfacción de los grupos de interés |
| | Procedemento documentado para o análise e atención as suxestións ou reclamacións | PM-04. Gestión de las incidencias |
| | Procedemento documentado de suspensión/extinción do titulo | PC-02. Suspensión del título |
| | Manual do SGIC | http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf |
| | Informe final de certificación do SGIC | http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf |
| | Listado de documentos en vigor do SGIC | http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf |
| | Plan de mellora (como mínimo será público para estudantes e persoal do centro) | En proceso de elaboración |
| **Calendario de implantación** | Cronograma de implantación do titulo | MVT – aptdo. 10, p. 184 |
| | Procedemento documentado de adaptación, no seu caso, dos estudantes dos estudos existentes ao novo plan de estudos | MVT – aptdo. 10, p. 184 |
| | Ensinanzas que se extinguen pola implantación do correspondente titulo proposto | MVT – aptdo. 10, p. 186 |

## 3.- VALORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO E OS RESULTADOS OBTIDOS, DETECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS, DESVIACIÓNS E TOMA DE DECISIÓNS.

| DESCRICIÓN DO TÍTULO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No apartado primeiro da Memoria para a Verificación do Título, alúdese á 'descrición do título', onde ademais de definilo, especifícanse aqueles descritores que contribúen á identificación do Grao en Pedagoxía no conxunto das titulacións da Facultade de Ciencias da Educación e das propias da Universidade de Santiago de Compostela. Neste sentido, apórtase información relevante respecto da súa caracterización e identificación dos elementos principais (responsables, tipo de ensinanza, número de prazas, etc.).

Tamén existe información básica sobre o grao, e facilmente accesible, na páxina web da facultade: http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9

No obstante dita información web podería ser aínda máis sintética e precisa, aínda que dita mellora depende en parte dos servizos centrais da USC

Considérase que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que tanto na Memoria de Verificación do Título coma no Sistema de Garantía Interno da Calidade queda perfectamente detallada toda a información referida ó Título; aportando –no SGIC– diferentes procedementos asociados ó Deseño do Título (P01-PC-0).

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Sintetizar a información relativa a descrición do título na web da facultade: os servizos responsables da USC están a deseñar fichas web que recollan a información básica do título sen ter que acudir necesariamente á Memoria do mesmo. No obstante aínda falta facela pública (previsión:curso 2012-13. Responsable: servizos USC)

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| XUSTIFICACIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Considérase que o grao de cumprimento do criterio de 'xustificación' da memoria é satisfactorio; dado que na Memoria para a Verificación do Título aparece debidamente xustificado e argumentado o Título proposto, así como o seu interese académico, científico e profesional. Neste caso concreto, avala esta xustificación a longa traxectoria no campo da Pedagoxía así como nas diferentes áreas e ámbitos de acción intervención socioeducativa cunha clara vinculación ás prácticas educativas; de aí a necesidade de implementar un Título que forme e capacite a profesionais que desenvolvan accións específicas no ámbito educativo desde unha perspectiva integral e integradora.

A xustificación da implementación deste Título vén dada pola demanda de estudantes neste ámbito profesional; sendo ademais unha formación específica na que –no contexto galego– a Universidade de Santiago de Compostela ten unha dilatada traxectoria, por ser a única Universidade do Sistema Universitario Galego en desenvolver este título. Ademais, de cara ó deseño do novo Grao tivéronse en conta as análises realizadas por outras universidades do contexto europeo así como as debilidades detectadas nos colectivos profesionais.

Deste modo, téñense en conta as recomendacións establecidas no programa FIDES-AUDIT e a súa valoración é moi satisfactoria; pois no relativo á Política e obxectivos de calidade da formación (directriz 1. p. 9), o SGIC recolle non só os elementos nos que ha de sustentarse senón tamén elementos relativos á participación, grupos de interese implicados, información orientada á mellora da política e obxectivos, así como as melloras derivadas da política e obxectivos da calidade da formación. Estas directrices aparecen debidamente xustificadas e recollidas no SGIC, no seu manual do sistema (no capítulo 4) e no manual de procedementos no relativo ó PE-01 de Planificación Estratéxica do Centro e o PE-02 de Política e Obxectivos de calidade do centro.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| COMPETENCIAS/OBXECTIVOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

No apartado 3 da Memoria para a Verificación do Título aparecen debidamente identificadas as Competencias que desenvolve o Grao en Pedagoxía e que os estudantes do mesmo deberán acadar para exercer como profesionais; unhas competencias que –ó tempo– dan resposta aos obxectivos formulados no Título. Deste modo, os estudantes adquiriren unha serie de competencias xerais e específicas que non só se limitan ó coñecemento científico e disciplinar, senón a destrezas, habilidades e actitudes que posibilitarán a comprensión teórico-práctica do entorno no que desenvolverán as súas intervencións socioeducativas; sendo satisfactoria.

Así mesmo, tal e como temos mencionado con anterioridade, o Título responde claramente ós obxectivos que xustifican a súa implantación, así como ás directrices establecidas no programa FIDES-AUDIT (na súa directriz nº 2), que alude especificamente ós obxectivos do plan de estudos; que resulta concordante coa filosofía do Plan, co perfil profesional dos futuros egresados, etc. Unhas directrices que aparecen tamén recollidas no Sistema de Garantía Interno de Calidade (no capítulo 6, MC06) relativo ó procedemento para lograr os obxectivos formulados, así como adecualos ó Plan de estudos e á súa oferta formativa. Así mesmo, no Manual de Procedementos do SGIC tamén se recollen nos apartados PC01 Deseño e aprobación da oferta académica; P01-PC-01 de Deseño do Título e PC-02 de Suspensión do Título.

Con todo, un dos indicadores válido sobre a adquisición de competencias baséanse nas cualificacións do alumnado nas diferentes materias do grao, pero o acceso á información conxunta (media) non é público nin posible dende as ferramentas administrativas dispoñibles polo momento na USC nin na facultade, polo que se fai preciso algún instrumento interno que verifique aspectos tales como o logro de obxectivos/competencias por materia/curso.

Finalmente entendemos que é fundamental na Facultade de Ciencias da Educación seguir impulsando os procesos de normalización lingüística. Consideramos necesario fomentar o emprego da lingua galega e outras linguas entre o profesorado e o alumnado. Nos últimos anos téñense impulsado diversas xornadas, premios e outras actividades co fin de contribuír á normalización lingüística.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Deseño dun instrumento para a recollida de indicios de adquisición de competencias específicas e transversais por parte do alumnado das distintas materias: enquisa ao profesorado ou instrumento similar a aplicar en vindeiros cursos (previsión: curso 2012-13. Responsable: coordinación da titulación e cursos).
- Solicitar aos responsables administrativos da USC a accesibilidade da facultade ás notas medias en cada materia, se existe implementado tal indicador, ou solicitar implementalo, de ser o caso (previsión: curso 2012-13. Responsable da petición: decanato da facultade/unidade de apoio administrativo).
- Continuar impulsando actividades vencelladas coa normalización linguística

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| | |
|---|---|
| | |

**ACCESO E ADMISIÓN DE ESTUDANTES**

*Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.*

**Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A valoración relativa ó criterio de Acceso e admisión de estudantes, da memoria para a verificación de títulos oficiais (MVT), é suficiente; pois neste apartado da MVT quedan debidamente reflectidos os sistemas de información previa á matriculación e ós procedementos accesibles de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación á Universidade de Santiago de Compostela e –máis concretamente– á titulación do Grao en Pedagoxía. Así mesmo, recóllense as diferentes canles empregadas para a información e orientación en centros de secundaria a través do programa "A Ponte"; ó tempo que se contemplan tamén os sistemas de apoio e orientación para aqueles alumnos que se matriculan por primeira vez (sesións de presentación e acollida a alumnado de novo ingreso, etc.), ademais das vías e os requisitos de acceso ó Título, e da transferencia e recoñecemento de créditos.

Atendendo á directriz nº 3 do Programa FIDES-AUDIT, o SGIC recolle tamén de forma explícita a necesidade de que o Centro documente, entre outros, os seguintes aspectos:

a) O órgano (estrutura, funcións e toma de decisións) responsable da política e os procedementos de admisión.

b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación no deseño, aprobación, implementación, revisión e mellora da política e os procedementos de admisión.

c) Como se deseña, aproba e implementa a política e os procedementos de admisión.

d) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora da política e os procedementos de admisión.

e) Como se implementan as melloras derivadas da revisión da política e os procedementos de admisión.

Tamén no Sistema de Garantía de Interna da Calidade, no capítulo 5 (MC 05) do Manual do Sistema e no Manual de Procedementos (Captación de Estudantes), se recolle información relativa á captación de estudantes acorde co perfil definido e a oferta de prazas da titulación.

Finalmente, unha medida interesante desenvolta pola USC implementada de cara a mellora deste criterio é o do programa de alumnos titores. Das prazas ofertadas para o grao de pedagoxía no curso 2011-12 (4) cabe salientar que se cubriron as 4. No obstante, debido a ausencia de directrices claras neste programa, falta que a facultade adecúe un plan onde se regulen claramente as funcións e tarefas a desenvolver polo alumnado no último curso, no cal deberán xa exercer o rol de titores/as de iguais.

Tamén se fai preciso deseñar un procedemento de recollida de información dos novos estudantes sobre a súa acollida na facultade, entre as que se inclúe o anterior programa.

**BOAS PRÁCTICAS:**

| PROPOSTAS DE MELLORA | |
|---|---|
| - Deseñar e implementar un plan que regule as funcións e tarefas do alumnado titor na facultade, nos que se inclúe o alumnado de Pedagoxía (previsión: desenvolvemento piloto no curso 2012-13. Responsable: coordinador do programa na facultade).<br>- Recoller evidencias sobre a satisfacción do alumnado de novo ingreso coas medidas de acollida da facultade: por exemplo, mediante una enquisa de valoración (previsión: curso 2012-13. Responsable: coordinación titulación e 1º curso/coordinación do programa A Ponte na facultade). | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| | |

| PLANIFICACIÓN DAS ENSINANZAS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

A valoración que merece o criterio de 'Planificación das ensinanzas' da MVT e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT, resulta suficiente; en tanto que se adecúan perfectamente ós obxectivos e perfil do Título; e presentando unha estrutura modular que permite un achegamento teórico-conceptual ás diferentes realidades que significan os contextos e ámbitos de acción-intervención socioeducativa, ademais da formación práctica que comporta o título; garantindo a adquisición de competencias xerais e específicas. A súa planificación responde a unha lóxica interna que atende a diferentes módulos que integran realidades, perspectivas e servizos/recursos; a fin de que teñan os coñecementos, competencias e recursos metodolóxicos necesarios para poder analizar, interpretar e intervir nas diferentes realidades educativas.

Así mesmo, esta planificación das ensinanzas pretende que o alumnado se achegue tamén a distintos contextos de aprendizaxe, fomentando a mobilidade a diferentes espazos universitarios tanto do contexto europeo como americano, ademais de ser tamén unha facultade de acollida; de tal modo que permitirán desenvolver unha serie de competencias e habilidades propias dos pedagogos.

Do mesmo xeito, atendendo á directriz nº 4 do programa FIDES-AUDIT, a planificación do ensino será coherente cos obxectivos do plano de estudos, tanto na programación global do ensino como na que se inclúe nos programas das materias específicas. Unha directriz que queda debidamente reflectida no SGIC ó aludir especificamente a que o Centro deberá documentar, entre outros, os seguintes aspectos:

a) O órgano (estrutura, funcións e toma de decisións) responsable da planificación do ensino.

b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación no deseño, aprobación, implementación, revisión e mellora da planificación do ensino.

c) Como se deseña, aproba e implementa a planificación do ensino.

d) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora da planificación do ensino.

e) Como se implementan as melloras derivadas da revisión da planificación do ensino.

Tamén, e atendendo á directriz nº 5 do Programa FIDES-AUDIT, de Garantía de calidade dos programas formativos, no SGIC recóllese que o centro deberá documentar o seguinte:

a) Os órganos (estrutura, funcións e toma de decisións) responsables do deseño, aprobación, implementación, revisión e mellora dos seus programas formativos.

b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación no deseño, aprobación, implementación, revisión e mellora dos seus programas formativos.

c) Como se deseñan, aproban e implementan os seus programas formativos.

d) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora dos seus programas formativos.

e) Como se implementan as melloras derivadas da revisión dos seus programas formativos.

f) Como se aborda a eventual suspensión ou extinción dos seus programas formativos segundo os criterios e procedementos específicos preestablecidos.

Así mesmo, a directriz nº 6 do Programa FIDES-AUDIT, de Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe, é recollida no SGIC atendendo á necesidade de que o centro documente os seguintes aspectos:

a) Os órganos (estrutura, funcións e toma de decisións) responsables da orientación dos programas formativos que favorecen a aprendizaxe do estudante, como por exemplo:

1. Definición de perfís de ingreso/egreso
2. Admisión e matrícula
3. Apoio e orientación aos estudantes
4. Metodoloxía de ensino e avaliación
5. Prácticas externas, mobilidade e orientación profesional
6. Alegacións, reclamacións e suxestións
7. Normativas que afectan aos estudantes (matrícula; validacións; exames; etc.)

b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación no desenvolvemento das accións anteriormente citadas.

c) Como se definen, aproban e implementan as accións anteriormente citadas.

d) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora das accións anteriormente citadas.

e) Como se implementan as melloras derivadas da revisión das accións anteriormente citadas.

Uns criterios e unas directrices que, dun modo ou outro, aparecen reflectidas no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no seu Manual del Sistema (cap. 7, MC 07) e no Manual de Procedementos nos apartados relativos a PC-03 de Planificación Académica Anual (PAA), a S01-PC-03 de Elaboración do Plan Docente Anual do Centro (PDA), a S02-PC-03 de Elaboración e aprobación do Plan de Organización Docente (POD) dos Departamentos, a S03-PC-03 de Programación das asignaturas, a S04-PC-03 de Elaboración de horarios e calendarios de exames, a PC-06 de Titoría e Orientación ó estudante, a PC-07 de Programas de mobilidade de estudantes, a PC-08 de Xestión de prácticas externas, a PC-09 de Coordinación da actividade docente e PC-10 de Avaliación da aprendizaxe. Aspectos todos eles que dan conta do grao de concordancia e coherencia entre os aspectos destacados relativos a esta cuestión na Memoria de Verificación do Título e o Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro; así como da importancia que se lle concede á calidade da planificación docente para acadar os obxectivos formulados no perfil do título.

Como mecanismos para a coordinación docente e tendo en conta que ata ben iniciado o curso 2011-12 non se contou coa figura de coordinador de titulación nin coa de coordinadores de curso no grao, cabe salientar o seguinte:

- Reunións do equipo decanal co profesorado para a planificación e coordinación da implantación dos Graos: realizáronse a finais de curso para tratar de facer fincapé en aspectos docentes a mellorar, destacando sobre todo aspectos como o solapamento de contidos entre materias e a avaliación. Chegáronse a acordos en prol da mellora destes aspectos, no obstante non existe información pública (actas) que se poidan difundir, quedando os documentos elaborados para uso interno do equipo docente implicado.
- Reunións do equipo decanal coas direccións de departamentos para evitar a fragmentación en materias con docencia compartidas entre varios profesores.

Para unha mellor coordinación, faise preciso ter ao día a información relativa as visitas realizadas a centros/equipamentos/recursos por curso e materia de cada grao, co fin de non solaparse.

Outra tarefa en proceso, e para a mellora constante, é a actualización da base de datos dos convenios de prácticas externas da facultade con posibles novas institucións de acollida para o alumnado de Pedagoxía.

Está tamén pendente a activación da comisión do título de Pedagoxía así como a difusión da súa composición e funcións entre a comunidade educativa.

En declaración de intencións queda o deseño e posta en marcha do Plan de Acción Titorial da Facultade, por causa da actual situación de exceso de cargas docentes e outras responsabilidades investigadoras e administrativas, non resoltas polas carencias (económicas) na incorporación de novo persoal docente necesario para acometer o cada día maior número de responsabilidades do persoal docente que imparte no título, na súa maior parte non recoñecidas nin remuneradas.

Como punto forte e favorecedor dunha formación máis integral, que implica a vinculación entre materias afíns e que axuda a poñer en práctica de forma progresiva os roles profesionais derivados do perfil do título, máis alá das propias materias do practicum, téñense programado traballos académicos conxuntos entre materias do mesmo semestre que trouxeron resultados positivos na adquisición de competencias específicas e transversais do grao segundo afirmacións do profesorado implicado, no obstante non dispoñemos dun indicador obxectivo para evidenciar o mesmo que non sexa as propias cualificacións do alumnado nas materias implicadas, e ás cales non é fácil acceder de forma pública e conxunta (por exemplo ás notas medias na materia).
Finalmente, indicar que ademais se teñen planificado e realizado diferentes accións (sesións de acollida e seguimento a través de titorías...), tamén para o alumnado que participou nos programas de Mobilidade (Erasmus, SICUE…).

**BOAS PRÁCTICAS:**
- Realización de traballos académicos compartidos entre diferentes materias dun mesmo semestre da titulación.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**
- Continuar coa actualización das bases de datos coas visitas realizadas a centros/equipamentos/recursos por curso e materia de cada grao, a fin de non solaparse (previsión: curso 2012-13. Responsable: equipo decanal/unidade de apoio administrativo).
- Continuar a actualización das bases de datos dos convenios de practicas externas existentes na Facultade (previsión: curso 2012-13. Responsable: equipo decanal/unidade de apoio administrativo).
- Activar a comisión do título e difusión da súa composición e funcións, así como de toda a información que xere a súa actividade (previsión: curso 2012-13: equipo decanal/coordinación titulación).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| RECURSOS HUMANOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Consideramos que o grao de cumprimento do criterio de 'persoal académico' resulta suficiente; xa que, tal e como se recolle na Memoria de Verificación do Título, contémplase un amplo abano de persoal académico que –coa súa experiencia en diferentes ámbitos científicos, académicos e/ou profesionais– contribúe ó coñecemento e ó desenvolvemento de competencias, destrezas e habilidades nas disciplinas que integran o Plan de estudos de Pedagoxía. Desde esta perspectiva, os méritos docentes e de investigación acreditados polo conxunto do profesorado avalan as súas traxectorias académicas e os procesos de selección que han de superar para exercer a docencia neste ámbito. Tamén, e para poder desenvolver –do mellor xeito posible– os labores docentes, contarase co apoio de persoal de apoio á docencia.

A este respecto, tal e como recolle a directriz nº 8 do Programa FIDES-AUDIT, no relativo á Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos, especifícase que a política de persoal académico e de administración e servizos ha de ser definida e implementada coas debidas garantías para asegurar a súa suficiencia numérica, competencia e cualificación. Unha directriz que, no Sistema de Garantía Interno de Calidade alude á necesidade de que o Centro documente os seguintes aspectos:

a) Os órganos (estrutura, funcións e toma de decisións) responsables da definición, implementación, revisión e mellora da política de persoal.
b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación na definición, implementación, revisión e mellora da política de persoal.
c) Como se define, aproba e implementa a política de persoal no relativo á necesidade de persoal (perfil do posto; competencias requiridas; persoal; etc.).
d) Como se define, aproba e implementa a política de persoal no relativo ao acceso, formación, avaliación, promoción e recoñecemento do persoal.
e) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora da necesidade de persoal.
f) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora do acceso, formación, avaliación, promoción e recoñecemento do persoal.
g) Como se implementan as melloras derivadas da revisión da necesidade de persoal.
h) Como se implementan as melloras derivadas da revisión do acceso, formación, avaliación, promoción e recoñecemento do persoal.

A concordancia entre o especificado na MVT e no SGIC resulta suficiente; ó existir evidencias dos resultados positivos respecto da calidade docente no Título.

Ademais, no SGIC, no seu Manual del Sistema aparece recollido –cap. 8, MC 08- todas as recomendacións e procedementos relativos ó persoal académico e de apoio. Tamén, no Manual de Procedementos do SGIC reflíctense as pautas relativas a PS-01 de Xestión de Recursos Humanos e P01-PS-01 de Avaliación da actividade docente.

Os resultados das enquisas de avaliación de satisfacción do profesorado avalan o grao de satisfacción deste descritor.

No obstante, cremos que segue a ser necesario favorecer a participación do profesorado en actividades de formación, especificamente no uso e desenvolvemento do Campus Virtual, xa que, aínda sen datos precisos pola dificultade na súa

accesibilidade, estimamos que non se teñen posto en marcha demasiadas aulas virtuais por curso no grao (non máis de 20 en toda a titulación no curso 2011-12).

En canto ao cumprimento da previsión de contratación de profesorado necesario para impartir docencia no título, dende o 2009/10 e ata o curso 2010/11, en ningún dos departamentos con encargo docente na titulación se sumaron novas contratacións a tempo completo (prazas de nova creación como así se estimaba necesario na memoria), procedéndose só a realizar transformacións de contratos de prazas xa existentes ou á reposición con interinidades por diversas vacantes (profesores retirados...). No obstante, e debido a actual situación económica, non se ve factible que se poidan cumprir a curto prazo ditas previsións reflectidas na memoria do grao, continuando pois a situación deficitaria xa indicada.

Así mesmo, prevese que no 4º curso, coa titorización e conformación das comisións de avaliación dos Traballos Fin de Grao, o plantel de profesorado que imparte no título podería non ser suficiente para atender a demanda que se podería xerar (previsión duns 70 TFG só neste título, con profesorado do grao implicado nos TFG doutras titulacións da facultade, conlevando a consecuente sobrecarga e mesmo incompatibilidade horaria).

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Petición da revisión do procedemento de avaliación dos TFG en función do equipo docente dispoñible e a súa carga de traballo (previsión: curso 2012-13. Responsables: equipo decanal).
- Fomentar dende a facultade a formación permanente para o uso do Campus Virtual da USC (Moodle). Petición de formación específica para o profesorado do grao (Previsión: curso 2012-13. Responsables: Equipo decanal e Programa de Formación e Innovación Docente da USC).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Atendendo ó criterio de 'recursos materiais e servizos' da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais, e á luz dos documentos marco en torno aos que se sustenta, podemos considerar, en función das posibilidades existentes, un grao de cumprimento suficiente; dado que a nivel de infraestruturas e materiais, os módulos da facultade nos que se imparte este Título resultan -agás algunhas excepcións- adecuadas para o volume de alumnado e as metodoloxías empregadas nas sesións expositivas e interactivas; así como para levar a cabo outras sesións de clase que implican outros tipos de metodoloxía didáctica. Ademais, a propia facultade dispón de espazos de reunión, de traballo e estudo para o alumnado. No relativo ós materiais, debemos aludir tamén a aqueles que –dun modo ou outro– facilitan a adquisición de coñecementos ou a accesibilidade ós mesmos; para o que se dispoñen de espazos específicos para este fin (biblioteca, Servizo de Recursos Psicopedagóxicos, campus virtual…).

No tocante á implementación do Servizo de Recursos Psicopedagóxicos, e téndoo en conta como un elemento favorecedor ao desenvolvemento de diferentes materias do grao relacionadas coa avaliación, diagnóstico, orientación, metodoloxía, etc., é preciso indicar que no curso 2011-12 existiron dificultades para ofrecer os seus recursos, xa que ao basearse o seu funcionamento exclusivamente no apoio voluntario de docentes e outro persoal investigador, non se puido garantir o seu horario de apertura continuada, se ben para o curso 2012-13 si que se está previsto retomar as colaboracións para a súa correcta xestión. Por elo, sigue a ser preciso contar con persoal con dedicación exclusiva para atender a crecente demanda de usuarios (profesorado e alumnado) provintes do grao de Pedagoxía (uns 100 na titulación), así como doutras titulacións relacionadas coa Psicoloxía e a Pedagoxía.
Unha das tarefas pendentes dende este servizo é a actualización do seu catálogo con novas probas e recursos xa adquiridos, o cal ofrecería máis posibilidades tanto á docencia como á investigación relacionadas cos campos/materias indicados no parágrafo anterior.

Sobre este e outros servizos da facultade tense recollido a valoración do alumnado, podendo destacar a seguinte información achegada dende os tres primeiros cursos da titulación:
- Equipamento para a actividade académica: satisfactorio.
- Biblioteca: bastante satisfactorio.
- Conserxería: bastante satisfactorio.
- Aula de informática para o alumnado: satisfactorio.
- Servizo de repografía: pouco satisfactorio para o alumnado de 1º e satisfactorio para 2º e 3º.
- Cafetería: bastante satisfactorio.
- Servizo de Recursos Psicopedagóxicos: pouco satisfactorio.

Non se fixeron públicos estes resultados entre participantes e responsables dos servizos, aspecto que priva dun feedback construtivo en prol da mellora e da eficiencia.

Tampouco se aplicaron os items de satisfacción ao persoal docente, tamén usuario de boa parte dos servizos e recursos da facultade empregados tamén polo alumnado, perdendo así a información de contraste.

Finalmente, e a fin de garantir a calidade e a cantidade de recursos materiais e servizos, o centro conta con Comisións Delegadas do Equipo Decanal encargadas de garantir a adquisición, revisión e mantemento.

Atendendo á directriz nº 7 do Programa FIDES-AUDIT, de Garantía de calidade dos recursos materiais e servizos, o Centro documentará os seguintes aspectos:

a) Os órganos (estrutura, funcións e toma de decisións) responsables do deseño, xestión, revisión e mellora dos recursos materiais e servizos.
b) Os grupos de interese implicados e o seu modo de participación no deseño, xestión, revisión e mellora dos recursos materiais e servizos.
c) Como se deseñan, aproban e xestionan os recursos materiais e servizos.
d) Como se recolle e analiza a información para a revisión orientada á mellora dos recursos materiais e servizos (incluíndo os aspectos relacionados coa seguridade e o medio).
e) Como se implementan as melloras derivadas da revisión dos recursos materiais e servizos.

Deste modo, no Sistema de Garantía Interno de Calidade, recóllese no seu Manual del Sistema −cap. 9, MC 09− estes aspectos; ademais de que no Manual de Procedementos se recolle todo o relativo ó punto PS-02 de Xestión dos recursos materiais, ó PS-03 de Xestión dos Servizos e ó PS-04 de Control de Documentos e dos Rexistros.

**BOAS PRÁCTICAS:**

- Asentamento da implementación do Servizo de Recursos Psicopedagóxicos (http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/recursos_psicopedagoxicos.html).

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Solicitude dun bolseiro de apoio ao Servizo de Recursos Psicopedagóxicos que reforce as tarefas de xestión e horario de apertura ao público (sen previsión concreta debido á escaseza de recursos económicos).
- Actualización da publicación do catálogo do Servizo de Recursos Psicopedagoxicos (previsión: curso 2012-13. Responsables: colaboradores do Servizo)
- Posta en funcionamento do espazo de libre acceso aos fondos da biblioteca da facultade (previsión: curso 2012-13)
- Publicación dos resultados das valoracións do alumnado sobre os servizos da facultade (previsión: curso 2012-13. Responsables: equipo decanal/coordinación do grao/s).
- Deseño e aplicación de enquisas de satisfacción sobre os servizos e recursos da facultade ao equipo docente (previsión: curso 2012-13. Responsables: equipo decanal/coordinación grao/cursos).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| RESULTADOS PREVISTOS | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O grao de cumprimento do criterio de 'resultados esperados' que figuran na memoria para a verificación de títulos oficiais é suficiente; xa que cumpre os indicadores reflectidos no seu momento na MVT cunha tendencia claramente ascendente desde o ano de implantación do Grao en Pedagoxía.

Para levar a cabo este obxectivo é preciso que o Centro –atendendo á directriz nº 9 do Programa FIDES-AUDIT, e tal e como se recolle no SGIC– documente os seguintes aspectos:

a) Os órganos (estrutura, funcións e toma de decisións) responsables da recollida, análise e utilización dos resultados asociados co programa formativo.

b) Os grupos de interese implicados e modo de participación na recollida, análise e utilización dos resultados asociados co programa formativo.

c) Como se recollen e analizan os resultados asociados co programa formativo, e se asegura a súa fiabilidade.

d) Como se implementan as melloras derivadas da análise dos resultados asociados co programa formativo.

Así mesmo, a directriz nº 10 do Programa FIDES-AUDIT, relativa á Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos contempla que o Centro documente –tal e como se recolle no SGIC– os seguintes aspectos:

a) O órgano (estrutura, funcións e toma de decisións) responsable da publicación da información e da rendición de contas sobre os programas formativos e aspectos relacionados.

b) Os grupos de interese implicados e modo de participación na publicación da información e da rendición de contas sobre os programas formativos e aspectos relacionados.

c) Como se informa aos distintos grupos de interese e cando corresponda, como se rende contas, sobre os seguintes aspectos:

1. Política e obxectivos de calidade da formación
2. Obxectivos do plano de estudos
3. Política e procedementos de admisión
4. Planificación do ensino
5. Programas formativos
6. Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe
7. Persoal académico e de administración e servizos
8. Servizos e recursos materiais
9. Resultados do programa formativo

d) Como se analiza a actualización, imparcialidade, obxectividade e accesibilidade da información e da rendición de contas sobre os programas formativos e aspectos relacionados.

e) Como se implementan as melloras derivadas da análise da actualización, imparcialidade, obxectividade e accesibilidade da información e da rendición de contas sobre os programas formativos e aspectos relacionados.

Unhas directrices que se concretan no capítulo 10, MC 10 do Manual do Sistema e no Manual de Procedementos do SGIC no relativo a PM-01 Medición, análise e mellora, PM-02 de Revisión da eficacia e mellora do título, PM-03 de Medición da satisfacción dos grupos de interese, P01-PM-03 de Medición da Satisfacción dos estudantes coa docencia, e o PM-04 de Xestión das incidencias (SQR).

Finalmente, polas valoracións e avaliacións realizadas constátase un alto grao de concordancia co indicado na memoria, e, polo tanto, de suficiencia no seu cumprimento.
Algúns datos que avalan as anteriores afirmacións:
- Taxa de rendemento no grao: curso 2009-10: 74,8; curso 2010-11: 85,4; curso 2011-12: 85,6. http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_Rendemento.pdf

- Taxa de éxito no grao: curso 2009-10: 82,3; curso 2010-11: 91,6; curso 2011-12: 91,4. http://www.usc.es/export/sites/default/gl/goberno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_xxito.pdf

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**
- Facer énfase no seguimento e avaliación da implementación do grao de cara a aplicar melloras en prol da calidade en función dos datos anuais ofrecidos polas diferentes taxas (previsión: cursos sucesivos. Responsables: equipo decanal e coordinacións do grao).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| SISTEMA DE GARANTÍA DA CALIDADE | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

O grao de cumprimento do criterio de 'sistema de garantía de calidade' que se establece na Memoria para a solicitude de Verificación dos Títulos e o Sistema de Garantía Interna da Calidade resulta insuficiente, xa que os datos recollidos son moi básicos e non sempre se empregaron para acometer melloras.
Así mesmo, e co SIGC aprobado con data do 30/04/2012, (http://www.usc.es/fcce/Manual%20do%20Sistema%20de%20Garantia%20Interna%20da%20Facultade%20de%20Ciencias%20da%20Educacion.pdf) comezouse a deseñar o Plan Estratéxico da Facultade.

Con todo, na MVT figuran diferentes procedementos que permitirán mellorar a calidade do ensino, así como a satisfacción dos diferentes colectivos; para tal fin se realizan diferentes propostas que –desde un punto de vista estrutural– atenderá a diferentes dimensións académicas e/ou institucionais.

Neste senso, os datos que se teñen recollido ao respecto, sendo moi básicos, ofrecen a seguinte información de interese:
- Avaliación do profesorado (Fonte: USC curso 2010-11. Documento interno): media anual de 4,86 sobre 7 (media da Universidade, 4,84).
- Satisfacción do alumnado con aspectos académicos:

Dispóñense dalgúns datos básicos sobre a satisfacción do alumnado, no curso 2011-12, onde se pode salientar o seguinte para 1º, 2º e 3º curso do grao:
. Impartición dos contidos do programa da materia: entre satisfactoria e moi satisfactoria, sendo a valoración decrecente segundo se avanzan os cursos.
. Solapamento de contidos: entre algo e bastante, decrecendo a valoración do alumnado segundo avanzan os cursos.
. Actividades desenvoltas nas materias: entre satisfactorias e bastante satisfactorias no alumnado dos tres primeiros cursos.
. Avaliación: pouco satisfactoria no alumnado de primeiro e bastante satisfactoria nos outros dous cursos

Para un mellor uso desta información (discusión, toma de decisións...) estimouse en falta a publicación dos datos entre o equipo docente implicado e tamén entre o alumnado participante.

No obstante os resultados foron útiles para comezar a revisar o solapamento dos contidos abordados nos programas das diferentes materias por parte do profesorado implicado na súa docencia.
Un dos procedementos empregados para tratar de evitar os citados solapamentos, foi o desenvolvemento de cursos específicos de formación para a elaboración de guías docentes, onde o coordinador da titulación, xunto co resto de docentes responsables das materias, trataron de organizar os contidos do programas das materias do grao de tal xeito que se puidesen traballar as diferentes competencias do perfil dun xeito secuencial e en espiral (afondamento) de maneira que se puidesen evitar solapamentos ou mesmo deixar sen traballar algún contido importante. Os froitos

| |
|---|
| tratarán de ser avaliados (enquisas docentes, cualificacións...) ao final do curso 2012-13. |
| **BOAS PRÁCTICAS:** |
| **PROPOSTAS DE MELLORA:**<br>- Maior grado de implementación e fomentar a visibilización do SIGC entre a comunidade educativa do grao e da facultade: (previsión: cursos sucesivos. Responsables: equipo decanal, comisión de calidade do centro, coordinación do grao).<br>- Continuación co deseño do Plan Estratéxico da Facultade.<br>- Publicación e difusión dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre o título realizadas en cada curso (previsión: curso 2012-13. Responsable: equipo decanal/coordinación título). |

| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
|---|---|
| | |

| CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

Segundo o previsto no 'Calendario de implantación' da Memoria para a Verificación de Títulos oficiais, o grao de cumprimento é satisfactorio; pois, tal e como estaba previsto, a súa implantación gradual está acontecendo con normalidade. O grao de complexidade para manter en simultáneo a Licenciatura e o Grao en Pedagoxía supuxo un gran esforzo á hora de garantir a calidade docente.(completar)

Ademais, contémplanse diferentes procedementos para superar aquelas materias que se extinguen na Licenciatura pola implantación do Grao en Pedagoxía; articulando, a tal fin, mecanismos que posibilitan a adaptación ás novas materias de grao ou a materias afíns.

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

**4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMENTO.**

| **INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN** | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe final** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| | |
| | |
| | |

| **INFORMES DE SEGUIMENTO (2010-11)** | |
|---|---|
| **Recomendacións establecidas no informe de seguimento** | **Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)** |
| **Criterio 1** | |
| Recoller de forma máis accesible os idiomas nos que se imparte o título | Xa indicado en cada programa das materias do grao |
| Recoller un enlace á normativa de permanencia vixente | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/modules/news/institucional/news_0012.html |
| Indicar o nome do coordinador/a do título | |
| Indicar a data de última acreditación | 22/06/2009 |
| Incluír un enlace á memoria actualizada do título, xa que a ofrecida non recolle as últimas modificacións realizadas na mesma | http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/descargas/Memoria_Grao_Pedagoxia_ANECA.pdf |
| **Criterio 5** | |
| Aportar información sobre as guías docentes de 4º curso | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/titulacions.html?plan=13327&estudio=13328&codEstudio=12886&valor=9 |
| Recoller información refrente ao Traballo Fin de Grao | http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/materia.html?materia=65001&ano=63 |
| Recoller información referida ao Plan de Acción Titorial (PAT) | |
| **Criterio 8** | |
| O acceso aos datos das distintas taxas de resultados resulta pouco accesible | http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html |